

RESUMO MESA SECTORIAL 11 OUTUBRO 2016

- **Rogos e preguntas**

- **Implantación da LOMCE** – A pesar das demandas xa feitas nesta mesa as instrucións para a implantación da ESO e Bacharelato son tardías e as referidas ao alumnado repetidor de 2º de BACH publícanse ben avanzado o mes de setembro e xa iniciadas as actividades lectivas.
- Manifestamos o noso **absoluto rexeitamento ás reválidas** impostas e instar á administración educativa que esixa ao MECD á anulación do RD 310/2016 de 29 de xullo polo que se regulan as mesmas, xa que estamos diante dunhas probas que desconfían do profesorado e xeran tamén, incertidume no alumnado, no profesorado e nas familias pola falta de concreción por parte da administración educativa de aspectos clave como os modelos de exame en 2º de BACH, a alteración do calendario de final de curso ...
- **Optativa de Igualdade de Xénero** - Publicación tardía, e consideramos que estamos diante dunha materia que pola súa importancia debера ser cursada por todo o alumnado e non soamente por aqueles que a elixen.
- **Convocar a comisión de seguemento de interinos/as**
- **Afíns** – Denunciar o feito do incremento da afinidade na adxudicación de destinos provisionais e falta de control por parte das inspeccións dos perfís que colgan os centros, non é lóxico que todas as vacantes dalgunha especialidade nalgunha das sete grandes cidades sexan con afíns e con materias alexadas da propia especialidade. O caso é mais sangrante en algunhas especialidades de FP nas que algúns centros completan horarios de mais de dúas vacantes do corpo de PES con especialidades do corpo de PTFP ou FOL, sen ofertar a lo menos unha vacante a tempo completo de ditas especialidades.

Hai que incidir en que ditas vacantes deben ser negociadas nas xuntas de persoal , habendo xefaturas territoriais que plantexan a negociación de tal forma que esta non é efectiva polos tempos marcados para a mesma.
- **Oposicións** – Denunciar as irregularidades que se produciron durante o proceso de oposicións deste curso, actuacións irregulares dos tribunais, é importante que haxa protocolos de actuación e que cada tribunal non actúe de modo arbitrario. Entendemos que cada vez se fai mais necesaria a constitución de comisións de selección para garantir a igualdade de condicións de partida dos aspirantes. Incidir tras o gran numero de erros nas baremacións por parte dos tribunais, en que estes non poden ser os que baremen os méritos da fase de concurso.

RESUMO MESA SECTORIAL 11 OUTUBRO 2016

- **Reclamamos o cobro das vacacións ao persoal substituto.**
- **Reclamación de temporais.** (OPE e dereito á indemnización). Diante das sentenzas do TXUE que están a recoñecer os dereitos aos traballadores e traballadoras temporais debemos destacar que CCOO foi unha das organizacións que asinou o Acordo Marco e que avalou a directiva 99/70 .

Desde esta mesa pedimos á administración galega que esixa á administración do estado a **convocatoria dunha OPE extraordinaria que permita a conversión de emprego temporal en emprego estrutural**. CCOO sempre defendeu que non se podían cubrir postos de carácter estrutural con emprego temporal.

Entendemos tamén que **a Administración debера aplicar as sentenzas do TXUE** e proceder ao pagamento de oficio das indemnizacións correspondentes a aqueles traballadores que finalicen os seus contratos. Sen prexuízo das reclamacións que sexean oportunas.

- **Negociación do horario do profesorado que imparte docencia nos CIFPs** e no que se complemente e clarifique a normativa destes centros no respecto as reducións horarias necesarias para todas as actividades a desenvolver polo persoal que imparte docencia nestes centros, xa que esta a quedar ao criterio das direccións dos mesmos o número de períodos que se deben dedicar a estas labores e se están a producir situacións como a existencia de horarios que superan os límites legais establecidos e o axuste dos cadros de persoal por non ter en conta esta casuística.
- **Reintegro gastos de formación:** reclamacións da Axencia Tributaria, insta a administración a que busque unha solución a este problema. Non pode ser que estas actividades, por un erro na certificación da Consellería redunden nun prexuízo aos docentes.
- Seguimos a solicitar que as **ENSINANZAS DE RÉXIME ESPECIAL, estén adscritas á Universidade** como formación superior.
- Solicitamos novamente que se realicen **rexistros - inventarios daqueles materiais que conteñan amianto nos centros educativos** para que sexan identificados e incluídos nas súas avaliacións de riscos. Ademais tamén consideramos necesario que se implante un programa de xestión coas medidas preventivas necesarias e as actuacións previstas para a súa conservación, mantemento e, chegado o caso, eliminación, así como que se aborde un plan de substitución destes materiais para evitar o risco aos usuarios.